



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO AO CURSO 26/27

INTERPRETACIÓN - CANTO

PARTE A: INTERPRETACIÓN (40% da nota final)

Interpretación do programa presentado amosando o necesario control técnico-vocal. 50%

- Dificultade do repertorio presentado (10%).
- Fidelidade ao texto musical e literario: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros, así como na pronunciación nos diferentes idiomas (15%).
- Dominio técnico vocal: control postural, limpeza, claridade e calidade do son, proxección vocal, control do timbre, homoxeneidade do son en toda a tesitura, control da respiración e da emisión (25%).

Interpretación pública do programa presentado amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. 30%

- Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativo: control da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas, do fraseo, a articulación e a dicción. (20%)
- Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical. (10%)

Interpretación pública do programa presentado amosando as capacidades expresivas necesarias para a interpretación en público. 20%

- Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escena axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións da interpretación en público (10%).
- Concentración ao longo da proba, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria na interpretación de todo o repertorio agás o oratorio. Achega persoal ao enriquecemento da interpretación (10%).

PARTE C: LECTURA Á VISTA (5% da nota final)

Fidelidade ao texto musical

- Exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto, así como na pronuncia do texto. Adecuación da respiración ao fraseo (100%).